

Informe sobre consideración dunha senda peonil existente non prevista no planeamento urbanístico como camiño para os efectos do artigo 37 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (Concello de O Barco de Valdeorras – Expediente XCP-23/059)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 17.10.2023 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2023/2795688) oficio do alcalde do Concello do Barco de Valdeorras no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo con base nos seguintes antecedentes:

"[...] Na zona de O Salgueiral, existe unha zona de espaxemento (cunha superficie aproximada 10 has.) que se atopa dotada de mobiliario urbano que presenta un elevada grao de deterioración e que segundo o Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables, é Dominio Público Hidráulico probable. [...] Preténdese por tanto pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil O.A. en colaboración co Concello do Barco de Valdeorras, crear no Salgueiral unha zona verde para espaxemento da poboación, compatible coa normativa de augas, incluíndose a eliminación de especies arbóreas alóctonas e substituílas por outras autóctonas. Tamén se construírá un sendeiro peonil pola marxe esquerda do río Sil que enlace a zona de espaxemento co dique de O Campiño.

[...]

-Elaborouse un proxecto técnico denominado: PROXECTO DE OBRA CONSTRUCCIÓN DE SENDERO Y ZONA DE ESPARCIMIENTO EN LA MARGEN IZQUIERDA DEL RÍO SIL (O SALGUEIRAL). TRAMO URBANO DEL NÚCLEO DE O BARCO DE VALDEORRAS (OURENSE) PDM MIÑO-SIL ES010_3_CHCHOXCET29WP2537.

[...]

-O proxecto anterior prevé a mellora dunha senda xa existente que conectará a actual área recreativa do Salgueiral co núcleo de Viloiira, afectando a distinto solo: solo urbano consolidado, solo urbano non consolidado e solo rústico de especial protección de augas.

O PXOM non contempla nalgún dos solos afectados a existencia dun vieiro ou camiño, pero sí cataloga o terreo como sistema xeral de parques novo ou existente. [...]"

Á vista do anterior, o concello formula a seguinte consulta:

"-Constitúe unha senda peonil non prevista no planeamento municipal e que parcialmente transcorrería por solo rústico de especial protección de augas un camiño aos efectos do artigo 37 da LSG?"

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.



SEGUNDA.- O Concello do Barco de Valdeorras conta con Plan xeral de ordenación municipal (en adiante PXOM), aprobado definitivamente o 27.06.2003 e a súa normativa publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Ourense* núm. 170, do 26.07.2003.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (no sucesivo, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece no seu apartado segundo o seguinte:

"O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:

[...]

d) Ao solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo".

En consecuencia, ao solo rústico do Concello do Barco de Valdeorras aplicaráselle directamente o réxime do solo rústico previsto na LSG e na súa normativa de desenvolvemento, nomeadamente o Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (en adiante, RLSG).

TERCEIRA.- A consulta municipal ten por obxecto analizar se unha senda peonil existente nun terreo clasificado como solo rústico e cualificado polo planeamento xeral como sistema xeral de espazos libres e zonas verdes ten a consideración de camiño para os efectos do artigo 37 da LSG.

Respecto desta cuestión, cómpre salientar que o artigo 35.1.c) da LSG, considera admisibles no solo rústico as *"Actividades de lecer, tales como práctica de deportes organizados, acampada dun día e actividades comerciais ambulantes"*.

Pola súa banda, o artigo 50.1.c) do RLSG complementa a citada descrición nos seguintes termos:

"Entre as actividades de lecer inclúese o desfrute con fins de esparexemento, práctica de deportes organizados e de ocio, sendeirismo e outros, con base en actividades brandas, sen instalacións asociadas, fixas ou desmontables, con escasa ou nula incidencia no medio físico en que se desenvolven.

Poden implicar o simple tránsito peonil, que require un mínimo acondicionamento para a súa práctica, como son pequenas obras integradas na paisaxe (pasos sobre canles, balizamento de sendas, miradoiros, etc.)".

En consecuencia, as sendas de tránsito peonil, aínda que requiran un mínimo acondicionamento para a súa práctica nos termos regulamentarios, constitúen actividades de lecer admisibles no solo rústico que poden incardinarse no artigo 35.1.c) da LSG.

CUARTA.- Os camiños públicos teñen a consideración de dotación urbanística, en concreto, dunha infraestrutura de comunicación, de conformidade coa definición que da mesma se recolle no apartado 3.4 do Anexo I do RLSG:

"a) Infraestruturas de comunicación: aquel uso que comprende o conxunto de infraestruturas destinadas á conexión urbana e á comunicación interurbana tales como viario e aparcadoiros, aeroportos, ferrocarrís, estradas, camiños e infraestruturas relacionadas co transporte individual ou colectivo.

1º Viario: aquel que inclúe o solo necesario para asegurar un nivel adecuado de mobilidade terrestre. Comprende as infraestruturas de transporte para calquera modalidade de tránsito, como son as estradas, os camiños, as rúas e os aparcadoiros".



A apertura de camiños en solo rústico está sometida ás limitacións impostas no artigo 37 da LSG, cuxo teor literal é o seguinte:

“1. No solo rústico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente recollidos no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, agás no caso dos camiños rurais contidos nos proxectos aprobados pola administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou de ambiente.

2. As novas aperturas de camiños deberán adaptarse ás condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible da paisaxe e minimizándose ou corrixíndose o seu impacto ambiental”.

CONCLUSIÓN

A intervención na senda de tránsito peonil preexistente pola marxe esquerda do río Sil á que se refire a consulta constitúe unha actividade admisible no solo rústico prevista no artigo 35.1.c) da LSG e non incorre na prohibición imposta no artigo 37.1 da LSG.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

